

**Monográfico sobre cinema galego: “Modos de ver e ser vistas. As mulleres que coñezo no cinema galego”.**

A breve historia do cinema en Galicia acostuma presentarse como un “relato discontinuo” (Gómez Viñas 2018) caracterizado pola presenza constante do debate sobre a súa propia natureza e dende a consciencia dunha posición periférica, física e económica, ademais dunha “preocupante dificultade para se situar á altura do seu tempo histórico” (Gómez Viñas 2018: 14). Nos últimos anos, co 2010 coma data representativa dun cambio de paradigma, o nacemento e evolución do que se deu en chamar Novo Cinema Galego (NCG) deveu nunha produción de filmes continuada e con presenza internacional nos festivais de cinema máis recoñecidos.

Pero no cinema galego podemos falar dunha segunda periferia e dunha segunda discontinuidade: a que ocupan as mulleres dentro e fóra da pantalla, como personaxes das historias que se contan nos filmes ou como parte dun sector que un día se dixo estratéxico para Galicia.

A historia das mulleres no cinema galego fala máis de francotiradoras, figuras singulares que conseguiron producir, de xeito moitas veces precario, os seus filmes e ás que o recoñecemento non parece chegarlles. Nos últimos anos, a fornada de autoras que agroma asociada á nómina do NCG leva tomado conciencia das ausencias e da dificultade extra que as mulleres teñen para sacar adiante os seus proxectos. Con esta idea como motor, Xisela Franco e Belí Martínez producen o cinema colectivo *Visións* (2016) no que compilan pequenas pezas das súas contemporáneas cunha clara vontade de amosar un cinema ao que lle custa saír da súa invisibilidade. Este número procura un achegamento crítico ás películas e aos modos de producir e filmar das creadoras galegas.

Ao tempo, sexa dende a ausencia ou presenza da pegada autoral feminina no cinema galego, faise un chamamento á análise da muller representada, das maneiras nas que fomos vistas dende os inicios desta breve historia até a actualidade. Convidamos a analizar a fotoxenia, por empregarmos o termo de Jean Epstein, da muller galega, a relevancia das personaxes femininas nas historias, os roles máis habituais e os que non ocupan (case) nunca, as temáticas que tratan e aquelas que se lles negan, como ás mozas urbanas, que vemos falando dos seus medos en *Tódalas mulleres que coñezo* (Xiana do Teixeiro 2018).

Facemos, para analizar neste tema proposto, de certa amplitude e que convida a traballar de xeito multidisciplinar, unha sorte de suxestións:

- Análise de obras e traxectorias cinematográficas de autoras galegas.
- A autoría feminina como diferenza.
- Presenzas e ausencias. Arquetipos femininos do cinema galego.

- Invisibilidades e periferias. A representación das mulleres no fondo do cadro.
- As políticas públicas de apoio ao cinema en Galicia e a autoría feminina.

A data de entrega de propostas (max. 250 palabras) é o 26 de febreiro de 2021. A data de entrega do artigo, que será avaliado nun proceso de revisión por pares, é o 30 de xuño de 2021. A folla de estilo da revista está dispoñible na seguinte ligazón:

<http://www.galicia21journal.org/index.php?pag=style>

Envío de propostas a Marta Pérez Pereiro ([marta.perez.pereiro@usc.es](mailto:marta.perez.pereiro@usc.es)) e Silvia Roca ([silvia.roca@usc.es](mailto:silvia.roca@usc.es)).

### **Bibliografía citada e proposta**

BERGER, John; Sven Blomberg; Chris Fox; Michael Dibb, & Richard Hollis, 2016. *Modos de ver* (Barcelona: Gustavo Gili).

DE LAURETIS, Teresa, 1984. *Alice Doesn't: Feminism, Semiotics, Cinema* (Bloomington: Indiana University Press).

EPSTEIN, Jean, 1977. 'Magnification and other writings', *October*, 3: 9-25.

GÓMEZ VIÑAS, Xan, 2014. 'Cinema in Galicia: Beyond an Interrupted History', en Miguélez-Carballeira 2014: 135-156.

GÓMEZ VIÑAS, Xan, 2018. 'O Cine en Galiza, un relato descontinuo', en Ledo Andiñón, coord., 2018: 13-42.

GROSSBER, Lawrence & Cary Belson, eds., 1988. *Marxism and the Interpretation of Culture* (Urbana, IL: University of Illinois Press; Basingstoke: Macmillan).

LABANYI, Jo, 2000. 'Feminizing the nation: Women, Subordination and Subversion in Post-Civil War Spanish Cinema', en Sieglöhr, ed., 2000: 163-184.

LEDO ANDIÑÓN, Margarita, 2016. 'Acciones (in)diferentes, tensiones latentes a propósito de feminismo y "novo cinema galego"', *IC – Revista Científica de Información y Comunicación*, 13: 67 – 84.

LEDO ANDIÑÓN, Margarita, 2020. *El cuerpo y la cámara* (Madrid: Cátedra).

LEDO ANDIÑÓN, Margarita, coord. 2018. *Para unha historia do cinema en lingua galega [1] Marcas na paisaxe* (Vigo: Galaxia).

\_\_\_\_\_, 2019. *Para unha historia do cinema en lingua galega [2] A foresta e as árbores* (Vigo: Galaxia).

\_\_\_\_\_, 2020. *Para unha historia do cinema en lingua galega [3] De illas e sereas*. (Vigo: Galaxia).

LEDO ANDIÓN, Margarita; Marta Pérez Pereiro & Silvia Roca Baamonde, coords., 2020. *CO(M)XÉNERO. Cadernos de comunicación e Xénero 1* (A Coruña: Vía Láctea Editorial).

MARTÍNEZ MARTÍNEZ, María Isabel, 2012. *O cine de non ficción no Novo Cinema Galego (2006-2012). Conceptualización, contextos e singularidades*, [PhD Thesis] (Vigo: Universidade de Vigo).

MIGUÉLEZ-CARBALLEIRA, Helena, ed., 2014. *A Companion to Galician culture* (Woodbridge: Boydell & Brewer).

MULVEY, Laura, 1975. 'Visual Pleasure and Narrative Cinema', *Screen*, 16 (3): 6-18.

PAYÁ, Xabier & Laura Sáez, eds., 2018. *National Identities at the Crossroads. Literature, Stage and Visual Media in the Iberian Peninsula* (London: Francis Boutle Publishers).

PÉREZ PEREIRO, Marta, 2019. 'Filmar a tribo, filmar o íntimo no cinema galego contemporáneo', en Ledo Andión 2019: 197-221.

PÉREZ PEREIRO, Marta, 2020. 'A creación do suxeito feminino. Inicios, consolidación e novos camiños da teoría e crítica feministas', e Ledo Andión, Pérez Pereiro & Roca Baamonde, coords. 2020: 37-58.

PÉREZ PEREIRO, Marta; ROCA BAAMONDE, Silvia, 2019. 'The tragedy in abeyance of Cándida. Emigration and assimilation in the cinema of Niní Marshall', *Revista Quintana*, 18: 267-278.

ROCA BAAMONDE, Silvia, 2018. 'Cándida the Emigrant. The Portrayal of the Galician diaspora in Argentinian Cinema', en Payá & Sáez 2018: 99-109.

SIEGLOHR, Ulrike, ed., 2000. *Heroines without Heroes: Reconstructing Female and National Identities* (London: Cassell).

SPIVAK, Gayatri Chakravorty, 1988. 'Can the Subaltern Speak', en Grossberg & Belson 1988: 271-313.